



|                                                                                                                                                |                             |                                                                                                              |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Área / Unidad<br>CEMENTERIOS MA2400<br>GBA                                                                                                     | Documento<br>7411AI053P     | Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/16691/2026 27/08/2026 |
| <b>Código de verificación</b><br><br>4U52 3733 534L 6E5U 0T0T | Expediente<br>741/2026/1707 |                                                                                                              |
|                                                                                                                                                | Fecha<br>26-08-2026         |                                                                                                              |

**ASUNTO:** DECLARACIÓN DE EXTINCIÓN DO DEREITO DE USO DE INSTALACIÓN FUNERARIA POR VENCEMENTO DO PRAZO

## **RESOLUCIÓN**

Á vista do informe proposta co código 7411AI04P6 de documento emitido no Servizo de Medio Ambiente asinado electrónicamente o 12.08.2026, en uso das facultades atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases do réxime local, que foron delegadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo adoptado na súa sesión do día 31.07.2026 (BOP 147 de 5 de agosto) na concelleira de Medio Ambiente,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** DECLARAR a extinción do dereito de uso do nicho sinalado co número 216, departamento 3º, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro, que lle foi concedido en réxime de concesión administrativa a María de los Ángeles Rodríguez Prado (finada) e Alfredo Rodríguez Prado polo vencemento do prazo máximo de duración que rematou o 5 de decembro de 1997; de conformidade co disposto no art. 100, letra c) da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (BOE núm. 264, do 04.11.2003.)

**SEGUNDO:** INSCRIBIR a nome do Concello da Coruña o nicho sinalado co número 216, departamento 3º, ringleira 3ª do Cemiterio de Santa Cecilia de Feáns-Mesoiro.

**Os restos existentes na instalación funeraria serán trasladados ao osario municipal, consonte ao establecido no artigo 21.2 g) do Regulamento de Réxime Interior do Cemiterio Municipal de Santa Cecilia de Feans-Mesoiro, se vostede non solicita a exhumación no prazo de 15 días naturais a contar a partir da notificación da presente resolución.**

A Coruña, na data da sinatura dixital que figura neste documento.

Eudoxia Mª Neira Fernández

Concelleira de Medio Ambiente

Por delegación da Xunta de Goberno Local do 31.07.2026 (BOP 147 de 5 de agosto)